



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA
EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A SOCIEDADE BENEFICENTE
ROSALÍA DE CASTRO DE SAO PAULO, COA FINALIDADE DE
CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS
BÁSICAS DOS CIDADÁNS GALEGOS RESIDENTES EN SAO PAULO
(BRASIL).**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Sociedade Beneficente Rosalía de Castro de Sao Paulo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 15 de outubro de 2016

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración para a concesión da axuda á entidade Sociedade de Socorros Mutuos e Beneficente Rosalía de Castro, co fin de contribuír á atención das necesidades socio asistenciais básicas dos cidadáns galegos maiores residentes en Santos (Brasil) con problemas de dependencia, a través da concesión dunha axuda de carácter singular a esta entidade sustentada en razóns de interese público e humanitario.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Na cidade de Sao Paulo (Brasil), reside unha grande colonia formada por persoas de orixe galega, que pola súa situación carencial, sofren unha falta real e operativa de





mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria. Segundo o censo electoral de residentes no estranxeiro, en Brasil residen arredor de 33.000 emigrantes galegos. Estes datos confirman a Brasil como o terceiro país no continente americano onde máis galegos residen na actualidade, tras Arxentina e Venezuela.

A Sociedade Benéfica de Rosalía de Castro, posúe un Centro de Asistencia Social que é unha obra de beneficencia, sen fins de lucro, inaugurado o 22 de febreiro de 1983 co obxectivo de promover o apoio socio asistencial do adulto maior a través da súa atención integral con carácter de servizos preventivo, de saúde e asistencial.

Esta entidade asumiu como unha das súas actividades primordiais a prestación de atención social, entre outros, aos emigrantes galegos e aos seus descendentes residentes en Brasil, en especial na cidade de Sao Paulo e municipalidades limítrofes, pois estes se atopan nunha situación de necesidade, na súa maior parte, debido as circunstancias socio económicas nas que viven.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de dar apoio aos emigrantes galegos, residentes en Brasil, que por cuestións de idade presentan problemas asociados e derivados desta circunstancia persoal.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 5 de abril de 2016.

